

---

ALCALDE

Estimada Conselleira

Supóñoche xa coñecedora da conversa que mantiven a pasada semana co Presidente Alberto Núñez Feijoo a respecto do voso proxecto para a *Variante de Alba: PO-531 (San Caetano) – N-550 (Alba)*.

Igual que ao Presidente, envíoches tamén a ti agora o *Estudo de Alternativas propostas para o proxecto "Variante de Alba: PO-531 (San Caetano) – N-550 (Alba)"* que permite solucionar as eivas que tanto o Pleno do Concello como a veciñanza dos núcleos de poboación directamente afectados puxemos de manifesto. Así o manifestaron xa tanto a Asociación de Veciños San Bieito de Lérez como os consellos parroquiais de Alba e Lérez.

Agardo que recollas a luva e deas un paso adiante para que Pontevedra conte coa conexión entre a N-550 e a PO-531 que precisa ao tempo que melloramos a calidade de vida das veciñas e veciños das parroquias de Lérez, Alba e Campañó directamente afectados por esta nova infraestrutura.

Para rematar, reitéroche a oferta de colaboración que lle fixen ao Presidente para levar a cabo este proxecto

Fico agardando a túa resposta , recibe un cordial saúdo

Pontevedra, 7 de xullo de 2021



Miguel Anxo Fernández Lores